



Somos máis

**Paremos
a reforma
laboral**

**Loitemos
polo noso
futuro**



www.izquierda-unida.es

**Paremos
a reforma
laboral**

**Loitemos
polo noso
futuro**



www.izquierda-unida.es



Somos máis

Paremos a reforma laboral

Loitemos polo noso futuro

A reforma laboral do PP é: máis despedimentos, menos salario, peores condicións de traballo e dá un poder case sen límite ao empresario.

A partir de agora, **a Lei sae da empresa: o empresario poderá reducir o teu salario, cambiar xornada e vacacións, e modificar as túas tarefas no traballo. Os empregados públicos poderán ser despedidos.**

Todo iso para algo que **non crea emprego** como recoñeceu Montoro e outros membros do Goberno. **Ao contrario, seguirá destruíndo postos de traballo.**

A reforma laboral aprobada polo Partido Popular **é unha auténtica contrarreforma que dismantela a xa mermada protección legal que ata agora tiñamos os traballadores e as traballadoras nas nosas relacións coa empresa.**

Esta contrarreforma significa:

- Que o despedimento será máis fácil e barato. O común será unha indemnización de 20 días por ano traballado, cun máximo dunha anualidade.
- Que o empresario poderá reducir o teu salario e os complementos. Tamén poderá cambiar o horario e a xornada, modificar as quendas e cambiar as vacacións.
- O empresario poderá esixirche outras funcións e tarefas diferentes ás recoñecidas no Convenio ou no teu contrato. Tamén poderá decidir o teu traslado, ata de cidade.
- O empresario poderá despedirche simplemente porque teña menos ingresos ou vendas nos últimos tres trimestres. Desta forma, ata os Bancos poderán despedir justificadamente ao seu persoal.
- Se traballas cun contrato laboral na Administración Pública, poderás verche afectado/a por un Expediente de Regulación de Emprego e ser despedido.
- Poderanse facer Expedientes de Regulación de Emprego sen ningunha autorización previa.
- Se non che interesan as condicións que che dita a empresa, poderás romper o contrato. Nese caso, todo o que che quedará será unha indemnización de 20 días por un máximo de nove meses.
- Poder despedir se faltas ao traballo por 9 ou máis días en dous meses ou 13 ou máis días en 4 meses por enfermidade común, aínda que estea xustificada. Está excluído o accidente de traballo ou unha baixa oficial por enfermidade de máis de 20 días.

A contrarreforma tamén che afecta aínda que teñas un contrato indefinido anterior á súa entrada en vigor (12 de febreiro de 2012). A indemnización, se che despiden de forma improcedente, será de 45 días por ano ata ese día, pero de 33 días a partir dese momento. O período máximo de indemnización será de 720 días e non de 42 meses. Se co tempo traballado ata o 12 de febreiro, correspondéñenche máis de 720 días, ese será o número de días que contará e non o que che corresponda por todo o período traballado.

Se traballas nunha empresa pequena, quedas sen a protección de ningún convenio colectivo.

Se cobras paro e saéche un traballo, pagarás parte do teu propio salario co que che quede de paro.

Podes non estar de acordo coas decisións unilaterais da empresa: deixas o traballo e quédache unha indemnización de 20 días por ano traballado cun máximo de nove meses.

Esta é a contrarreforma dos grandes empresarios que fai pagar a crise a quen traballamos.

Non o permitamos, non hai lugar para a resignación: ¡Paremos esta reforma laboral!

- É posible crear emprego, estable e de calidade. Esquerda Unida fixo numerosas propostas concretas: para estimular a economía real mediante o crédito para axudar ás pequenas empresas e autónomos a contrata, medidas de incremento do consumo e o investimento, aumentar o emprego público para mellorar a educación, a sanidade, a atención á dependencia e outros servizos públicos.
- Estas medidas pódense financiar: combatendo a fraude fiscal e a economía mergullada (hoxe un 23% da economía española) e cunha reforma fiscal que faga que paguen máis quen máis teñen e gañan, especialmente a banca e as grandes empresas que son os principais responsables da crise.

Con máis paro e menos salarios non sairemos da crise. **Hai unha saída social da crise capaz de crear o emprego que se necesita.**

**¡En defensa dos nosos dereitos,
polo noso futuro, participa nas accións
e mobilizacións que se convoquen!**

Somos máis

